


PROXECTO
DOCUMENTAL
INTEGRADO

Tecendo Identidades



BIBLIOTECA
IES XELMÍREZ I

CURSO 2021-2022

- 1. Introducción. Xustificación do proxecto**
- 2. Obxecto e temática de investigación propostas**
- 3. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta**
- 4. Documentación elaborada para o profesorado e alumnado**
- 5. Relación das tarefas realizadas ao longo do proxecto polo alumnado**
- 6. Implicación da comunidade educativa**
- 7. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa**
- 8. Avaliación do proxecto**
- 9. Función e participación da biblioteca en todo o proceso**

1. Introducción. Xustificación do proxecto

Aínda que o noso alumnado ten a sorte de medrar e formarse nunha sociedade aberta, plural e democrática, nas aulas o concepto da **identidade**, tanto dende o punto de vista persoal coma social e cultural, queda moitas veces no aire, deslabazado ou tratado dende un único punto de vista. A isto súmase a enorme influencia que exercen as redes sociais e os seus relatos monolíticos e globalizadores no día a día da rapazada.

De aí que nas primeiras xuntanzas que mantivemos a finais do curso pasado para botar a andar dende a biblioteca do IES Arcebispo Xelmírez I un proxecto integrador e ilusionante xurdise a idea de orientar nesa dirección os nosos esforzos: na necesidade de acompañar e guiar o noso alumnado dende as diferentes materias na configuración da súa propia identidade persoal, sen esquecer que nesa construción sempre haberá moitos ingredientes da nosa historia colectiva como pobo, da nosa lingua, do noso xeito de estar no resto do mundo cando emigramos, da nosa maneira de integrar as persoas que proceden doutras culturas, da nosa relación coa terra e cos medios produtivos, dos construtos sociais que se foron xerando ao redor do noso xénero, e do noso sexo...

E así xorde a idea de “tecer”. **Tecendo identidade(s)** busca implicar o maior número de alumnado e profesorado do noso centro e integrar de novo a biblioteca escolar na práctica docente logo de dous cursos ausente, ao mesmo tempo que reforzamos **competencias clave** para o desenvolvemento individual e social do noso alumnado:

☐ **Competencia en comunicación lingüística (CL)**

En practicamente todas as actividades implicadas no proxecto reforzamos esta competencia, como se pode ver nas producións finais: nas súas intervencións orais, nos textos que acompañan as exposicións, á hora de artellar as voces en off nas reportaxes de vídeo... sendo emisores e receptores de mensaxes en varias linguas (francés, alemán, galego,

castelán...), como aconteceu na actividade “*A min contáronme*” ou nos diferentes vídeos sobre a traxectoria de Maria Casares.

☐ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CCMCT)**

Traballamos esta destreza en actividades coma a que se achegou á utilidade da trigonometría na nosa contorna, cando saímos ao campus universitario que rodea o noso centro na busca de triángulos rectángulos na natureza, cando aprendemos a calcular a altura dos edificios e árbores que nos rodean ou cando investigamos o aproveitamento dos nosos recursos mineiros dende a Idade de Bronce ata a actualidade. A identidade medioambiental tamén parte dese achegamento responsable ao mundo físico, con accións individuais e colectivas orientadas á conservación e mellora do medio natural.

☐ **Competencia dixital (CD)**

En practicamente todas as actividades deste PDI o alumnado tivo que buscar e seleccionar información, transformar esta información en coñecemento, crear, presentar, publicar contidos empregando as TIC como ferramenta.

☐ **Aprender a aprender (CAA)**

A motivación do alumnado e a súa implicación foi un ingrediente fundamental para sacar adiante este ambicioso PDI. O traballo cooperativo por grupos, xestionando os tempos e a información de maneira eficaz, permitiulle ao alumnado aprender dun xeito cada vez máis autónomo.

☐ **Competencias Sociais e Cívicas (CSC)**

Esta competencia require unha comprensión das diferenzas existentes entre os valores das diferentes culturas, unha actitude de colaboración entre o “eu” e o colectivo, ademais do respecto polo outro e a superación de prexuízos cunha actitude comprometida. Con

eses obxectivos traballouse por exemplo na actividade “A min contáronme”, que buscaba o respecto polas tradicións das persoas migrantes que forman parte da nosa contorna, ou na reflexión que busca o proxecto “Ben merezo que me coñezas”, e por suposto no percorrido que fixo o alumnado a través da historia e os dereitos humanos en “Conquistando a identidade”.

☐ **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Competencia requirida de xeito transversal en todas as actividades do proxecto, que implicaban procesos de planificación e toma de decisións por parte do alumnado. É o que exercitaron, por exemplo, cando organizaron eles mesmos unha liña argumentativa e científica ao redor da nosa propia evolución en “Po de estrelas” ou cando contactaron e entrevistaron a catedráticas de Matemáticas da USC para coñecer a súa traxectoria profesional.

☐ **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

O desenvolvemento desta competencia supón actitudes e valores persoais de interese e respecto polas diferentes manifestacións artísticas e culturais e pola conservación do patrimonio, incorporados en actividades do PDI coma “María Casares, galega universal” ou “Santiago no Medievo”.

Para acadar estas competencias, en cada unha das materias implicadas no proxecto desenvolvéronse **contidos e estándares de aprendizaxe**, así como os **criterios de avaliación** empregados, en coherencia co recollido nas diferentes programacións didácticas.

** Detallamos a información referida a cada unha das materias con enlaces ás diferentes programacións no apartado 3 desta memoria, pois é parte da documentación elaborada para o alumnado e para o profesorado.*

2. Obxecto e temática de investigación propostos

Eliximos a **identidade** como tema *paraugas* que pode acoller iniciativas na aula en multitude de materias, pois permite achegarse a el dende diferentes perspectivas, coma a cultural, a lingüística, a nacional, a de xénero, de sexo... Ao mesmo tempo, axuda ao noso alumnado no seu proxecto vital de construción da propia identidade.

3. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta

O proxecto comeza a xestarse a finais do curso pasado, cando o anterior equipo mantén varias xuntanzas coa vocación de darlle máis protagonismo á biblioteca na práctica docente do centro. Desas reunións sae o desafío de artellar un PDI a partir dunhas [liñas xerais](#) que xurdiron a modo de [treboada de ideas](#) e que foron expostas no claustro inicial deste curso 2021-2022, en que se entregou un díptico informativo a todo o profesorado para animar a súa participación.

A partir de entón prográmanse as primeiras reunións, difúndese o PDI e algunhas das primeiras ideas en [cartaces polo centro](#) e artéllase un equipo de traballo que foi medrando en número de docentes e propostas de actividades ao longo do primeiro trimestre. Acórdase crear un espazo dixital de traballo compartido en Google Drive que se mantivo activo e dinámico ao longo de todo o curso.

E ao mesmo tempo comeza a traballarse no Blog que servirá de canle para a difusión das actividades: primeiro creando unha pestana no blog da Biblioteca e aloxando posteriormente a través dela unha nova bitácora para o proxecto.

Durante todo o proceso procuramos visibilizar o PDI a través de cartalaría e xa, no 3º trimestre, coa presentación dun plotter que daba conta de todas as propostas que se estaban a traballar xunto co nome das persoas responsables de cada unha delas.

Tecendo identidade(s)

Biblioteca Xelmírez I

1

27-X: DÍA DO HOLOCAUSTO

Commemorar a barbarie, amosala para evitar que se volva repetir, velaquí o principal obxectivo da exposición que realizamos na Biblioteca do IES Xelmírez I.



DEP. ALEMÁN

Sagrario Torrado
Laureano Araujo

DEP. XEOGRAFÍA E HISTORIA

Lucas Espasandín
Alba Serén

DEP. FILOSOFÍA

Uxía Martínez

DEP. VALORES ÉTICOS

Marián Rey

DEP. RELIXIÓN

Teresa Abalde

IDENTIDADE LABORAL

*O xénero determina a profesión?
A profesión forma parte da miña identidade?
Sinto que son parte da
construción da sociedade co meu
traballo?*

5

2

MARÍA CASARES, GALEGA UNIVERSAL

O 2022 foi declarado Ano Internacional de María Casares e, dende Tecendo Identidade(s), queremos renderlle a nosa particular homenaxe a unha actriz de culto en Francia que nunca renunciou ao acento nin á súa identidade galega. O alumnado de francés iniciou o labor de investigación na biblioteca.



DEP. FRANCÉS

Rosaura Rodríguez

DEP. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Rosa Blanco

Manuel Antonio Fdez.



PO DE ESTRELAS

*Do Big Bang á Mulier/Homo sapiens
De onde vimos? A onde imos? Por que
estamos aquí? Quen somos?
Reconstruiremos, con argumentos
científicos, á luz das teorías actuais, as
nosas orixes, a nosa historia biolóxica e a
nosa evolución ligada á propia evolución
da terra.*

6

3

A min contáronme...

Manteñen as familias inmigrantes a súa **TRADICIÓN ORAL** nos países de acollida?

O noso proxecto busca darlle resposta a esta pregunta ao tempo que recollemos mostras de literatura popular das diferentes culturas que conviven coa nosa.



DEP. LINGUA GALEGA

Alexandra Pacheco

DEP. LINGUA GALEGA

Carme Moure

Ben merezo que me coñezas...

Buscamos unha reflexión sobre a nomenclatura do rueiro compostelán para recoñecer a discriminación cara ás mulleres



7

4

Minería e identidade galega

Wolframio, ouro, chumbo, ferro... Pero tamén o granito traballado polos nosos canteiros, áridos, tella, cuarzo e caolín... elementos que conforman a nosa paisaxe a a nosa cultura e, en consecuencia, intimamente ligados á nosa identidade..



DEP. FÍSICA E QUÍMICA

DEP. TECNOLOXÍA

Marián Rey

DEP. MATEMÁTICAS


Cruz López

A trigonometría do arredor

Deixaremos atrás as paredes da aula e veremos a utilidade práctica da nosa materia na natureza e na paisaxe que nos rodea.



8



4. Documentación elaborada para o profesorado e o alumnado

- [Díptico informativo](#) na carpeta que recibe o profesorado no claustro inicial
- [Carteis identificativos](#) do noso PDI nas principais dependencias do centro
- Cartelería [anunciando reunións](#) para enriquecer o proxecto e [achegando ideas](#)
- [Power point informativo do proceso e guía de boas prácticas](#)
- [Carpeta compartida en Drive](#) para a programación das actividades
- Material elaborado para a [alfabetización dixital](#)
- Creación dunha [pestaña no blog da Biblioteca](#) para Tecendo Identidade(s)
- Creación [dun blog](#) específico para o proxecto

Pola súa parte o profesorado elaborou documentación para a presentación do proxecto ao seu alumnado. Nela consta a descrición da actividade, participantes, temporalización, produto final, competencias, estándares e avaliación. Enlazamos a documentación e facemos, a seguir, unha breve síntese da motivación última de cada proposta.

- [Po de estrelas. Do Big Bang ao Homo/Mulier Sapiens](#)

Quen somos e de onde vimos? O alumnado de 1º Bach deberá reconstruír con argumentos científicos as nosas orixes e a nosa historia biolóxica, ligada á propia orixe e evolución da terra.

- [Conquistando a identidade](#)

Identidade e cidadanía son dous conceptos que camiñan da man na historia contemporánea. O alumnado de 4º da ESO investigou a evolución do discurso dos dereitos humanos e o papel que acadan homes e mulleres dentro deste camiño de conquistas, apoios e atrancos cos que contaron. Descubriron como se foi construíndo o discurso identitario e democrático. Neste camiño de descubertas, foron elaborando o seu propio libro de texto! Nel parecen recollidas identidades de xénero e outras excluídas da Historia.

- [Ben merezo que me coñezas](#)

A análise da nomenclatura do rueiro compostelán permitiulle ao alumnado de 2º ESO detectar discriminacións de xénero e reflexionar sobre como construímos pensamento e, polo tanto, identidades, en base a unha tradición cultural. Elas e eles tiveron que mudar a historia e visibilizar mulleres de distintas épocas e ámbitos.

- [.Relato de \(DE\)construción](#)

A adolescencia é a etapa na que buscamos e construímos unha identidade propia. Os fíos que conforman esa identidade ou identidades derivan dunha complexa intersección de factores socio-culturais que, na maioría dos casos, non identificamos, o que nos pode levar a pensar que ese é o xeito natural de construírse. Reflexionar para ver se queremos continuar por ese camiño ou transitar por outro paralelo é o obxectivo do traballo que tivo que realizar o alumnado de 1º de Bacharelato. Queremos identidades libres.

- [Mulleres matemáticas](#)

Contribuír a erradicar a invisibilización histórica da muller no mundo das matemáticas e coñecer sete mulleres galegas que son actualmente figuras de referencia neste ámbito foi o obxectivo do traballo realizado polo alumnado de 2º ESO.

- [Compostela de onte e de hoxe](#)

As fotografías antigas da nosa cidade e a memoria dos maiores foron os elementos que lle permitiron ao alumnado de 1º da ESO identificar elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado; ademais de establecer relacións entre o pasado e o presente a través da historia.

- [Identidade laboral](#)

O traballo forma parte da identidade da persoa e inflúe no proxecto de vida, nas amizades e na realización persoal. Averiguar en que medida o xénero determina a profesión e

afondar na relación entre profesión e identidade foi a tarefa que levou a cabo o alumnado de 3º ESO nas materias de Valores Éticos e Relixión.

- [Compostela no Medievo](#)

Coñecer a importancia histórica de Compostela nun período no que Galicia, a súa cultura, a súa lingua e a súa literatura gozaron de grandísimo presitixio e no que ser galego era signo de distinción era o obxectivo do labor que levou a cabo o alumnado de 3º ESO nas aulas de Lingua e Literatura Galegas. Ao tempo afondaron no papel desempeñado na historia polas mulleres que nos precederon.

- [A min contáronme](#)

Coñecemos as historias que as familias inmigrantes transmiten aos seus fillos e fillas e a maneira en que comprenden a tradición oral da súa cultura de orixe, así como a relación que se establece coa nosa tradición oral. No proceso comprobamos como na actual cultura de masas se vai perdendo en boa medida esa transmisión e ao mesmo tempo tamén parte da construción da identidade propia vinculada a ela.

- [Minería vinculada á identidade galega](#)

Desde o aproveitamento do estaño na Idade de Bronce, do ouro polos romanos, e o volframio, chumbo, ferro ata o século pasado, a minería está íntimamente ligada á identidade do pobo galego. O granito traballado polos canteiros, a lousa, os áridos, a tella, o cuarzo e o caolín, o aproveitamento das augas minerais, todos eles conforman a nosa paisaxe e a nosa cultura. Investigar esta relación foi o traballo desenvolvido polo alumnado de 3º ESO nas aulas de Física - Química e Tecnoloxía.

- [Utilidade da Trigonometría na nosa contorna](#)

Con esta proposta o alumnado de 4º ESO usou os coñecementos adquiridos na aula para afondar no coñecemento da contorna.

- [Día Internacional en Conmemoración das Vítimas do Holocausto](#)

Identidade e Holocausto conformaron un tandem cruel. Conmemorar a barbarie, amosala para evitar que se volva repetir, pero tamén poñer en relación as xuderías galegas e as do conxunto da Península Ibérica co destino sufrido polos xudeos do Holocausto foi o obxectivo da exposición inaugurada na Biblioteca o 27 de xaneiro. Os códigos QR dos paneis permitiron coñecer curiosas historias das xudarías galegas e dos sambenitos de Tui.

- [María Casares, galega universal](#)

No Ano Internacional de María Casares, o alumnado de francés rendeu-lle homenaxe a esta galega universal, signo de distinción e cultura, que dá nome aos premios de teatro galego e que nunca renunciou á súa identidade.

- [Somos verdes. Identidade ecolóxica](#)

A identidade vén definida en gran medida polo que nos rodea, como é o caso dos milleiros de especies que existen no planeta. Coñecer e respectar a nosa contorna e o resto de seres vivos que nela se atopan é fundamental para construír a nosa identidade. Afondar no seu coñecemento e elaborar guías dixitais ecolóxicas foi o labor desenvolvido polo alumnado de 1º e 4º ESO.

5. Tarefas realizadas ao longo do proxecto polo alumnado

Departamento	Actividade	Curso	Produto final
FRANCÉS	María Casares, galega universal	2º / 3º ESO	Vídeos: A miña patria é o teatro, a miña terra é Galicia On parle de María Casares...
ALEMÁN + XEOGRAFÍA E HISTORIA + FILOSOFÍA	27 X: Día do Holocausto. As xuderías galegas	3º / 4º ESO 1º BACH	Exposición fotográfica na biblioteca
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	Po de estrelas Do Big Bang ao Homo/Mulier Sapiens	1º BACH	Infografías e exposición en formato liña do tempo
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	Somos verdes. Identidade ecolóxica	1º e 4º ESO	Aula bosque: A carballeira de San Lorenzo Informes Traballos de investigación en formato vídeo sobre a biodiversidade da contorna Guías dixitais ecolóxicas
LINGUA GALEGA	A min contáronme	4º ESO	Entrevistas Guións literarios Reportaxes en vídeo: playlist en Youtube
FÍSICA E QUÍMICA + TECNOLOXÍA	Minería e identidade galega	3º ESO	Entrevista Exposicións


			Vídeos Elaboración de carteis
MATEMÁTICAS	Utilidade da Trigonometría na nosa contorna	4º ESO	Vídeo explicativo
MATEMÁTICAS	Mulleres matemáticas	2º ESO	Entrevistas: (1 , 2 , 3 , 4 , 5 , 6 , 7) a matemáticas de recoñecido prestixio) Exposición: carteis e ploter sobre mulleres matemáticas ao longo da historia
LINGUA GALEGA	Compostela no Medievo	3º ESO	Podcast (7)
Coeducación e Igualdade	Ben merezo que me coñezas	2º ESO	Infografía
Coeducación e Igualdade	Identidade. Relato de (DE)construción	1º BACH	Reflexións privadas en formato vídeo
Coeducación e Igualdade	LGTBIQ+	Todos os niveis	Club de lectura
RELIXIÓN E VALORES ÉTICOS	Identidade laboral	2º / 3º ESO	Debates , xogos , enquisas e conclusións
XEOGRAFÍA E HISTORIA	Compostela de onte e de hoxe	1º ESO	Mapa de Compostela Álbum fotográfico
XEOGRAFÍA E HISTORIA	Conquistando a identidade	4º ESO	construciónS de identidadeS e cidadaníaS (Libro inclusivo de Historia Contemporánea elaborado polo alumnado)
EDUCACIÓN PLÁSTICA	María Casares, tecendo identidades...		Retratos María Casares , galega

FRANCÉS			universa Video
EDUCACIÓN PLÁSTICA		1º BACH	Baralla escritoras galegas

6. Implicación da comunidade educativa

A implicación da Comunidade Educativa foi moi elevada, máxime tendo en conta que é a primeira vez que abordamos un proxecto destas características. Sumáronse á nosa proposta **12 departamentos** e **20 profesores e profesoras** que desenvolveron un traballo no que teñen representación e implicación activa **todos os cursos da ESO e 1º Bacharelato**.

Ademais contamos coa colaboración das **familias** e con **poboación inmigrante** da contorna no proxecto “A min contáronme”. E colaboracións da **USC** en “Mulleres matemáticas” e da **UVI** en “Minería e identidade galega”.



7. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa

Para a difusión do noso proxecto entre a comunidade educativa elaboramos un [díptico informativo](#) , [carteis](#), un [ploter](#) xigante que visibiliza os distintos proxectos, departamentos e persoas responsables de cada un. O [blog da biblioteca](#), o [Facebook](#), [Instagram](#) e o propio [blog creado para Tecendo Identidade\(s\)](#) foron as vías polas que demos a coñecer o labor que se estaba a desenvolver. Contamos, asemade, cunha [canle de Youtube](#) na que se foron aloxando os vídeos.

8. Avaliación do proxecto

A avaliación que facemos do proxecto é moi positiva, tal como pode deducirse da calidade e cantidade de produtos elaborados. Cada un dos traballos foi avaliado na súa respectiva materia, a través de rúbricas, listas de cotexo, autoavaliación... e repercutiu na nota do curso segundo a porcentaxe establecida polo profesorado en cadansúa programación.

Con todo, na primeira fase do proxecto tivemos dificultades para atopar o fío condutor e botamos en falta formación que nos facilitase o proceso. As reunións conxuntas de grupo e, especialmente a última, servíronnos para testar fortalezas e debilidades do proxecto. Entre estas, sinalar que todas as persoas implicadas amosamos a necesidade de reforzar a interdisciplinariedade, dadas as vantaxes que supón para nós como grupo e para a aprendizaxe do alumnado. O paraugas da Identidade pode dar acubillo a todos os departamentos, pero cómpre acoutalo para facilitar o traballo conxunto.

9. Función e participación da Biblioteca escolar en todo o proceso

A Biblioteca elaborou o PDI, dinamizou e coordinou todo o proceso, respondendo así ao establecido na presente convocatoria:

- Adquirindo obras de consulta a proposta do profesorado que coordinou as diferentes actividades e segundo as necesidades do proxecto.
- Converténdose nun [espazo expositivo](#) para mostras coma a que se elaborou ao redor do Día do Holocausto ou a exposición realizada no [proxecto de Minería](#).
- Exercendo un papel clave na difusión e visibilidade das diferentes propostas, a través das súas propias redes sociais e plataformas dixitais.
- Achegando ao alumnado [fontes](#), [espazo físico](#), e infraestrutura para os [labores de investigación](#)
- Promovendo a formación, tanto para o alumnado como para o profesorado: obradoiros de [Audacity](#) e [Wordpress](#).
- [Elaborando materiais](#) para o uso das fontes informativas e do traballo documental

Consideramos que grazas a este PDI a biblioteca do IES Xelmírez I gañou unha indiscutible centralidade no proceso de aprendizaxe do noso alumnado, pero aínda queda moito camiño por diante. A experiencia deste ano é un bo punto de partida para seguir desenvolvendo dende a biblioteca proxectos que contribúan á alfabetización múltiple do noso alumnado e a unha aprendizaxe transversal e significativa. Concibímolos como un proxecto plurianual que terá continuidade o vindeiro curso baixo o título Tecendo Identidade(s): Identidade na II República.